

NOTA DE PRENSA

A “Q” de Calidade Turística, froito de estritas auditorías anuais, avala o prestixio dos balnearios galegos

Posúen esta distinción sete establecementos termais integrados na Asociación de Balnearios de Galicia

Santiago, 5 de abril de 2013 (Vía Láctea Comunicación).- No marco da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia, o balneario de Laidas (no concello ourensán de Cenlle) acolle mañá sábado unha sesión sobre a importancia da calidade e a hixiene nos establecementos termais. Un grupo de futuros médicos, que se están a formar na cura termal, coñecerán as medidas que adoptan os balnearios nestes eidos.

A responsable de calidade de Caldaria Termal -que aglutina os balnearios ourensáns de Arnoia, Laidas e Lobios-, **Candi Figueirido**, mostraralles aos estudantes de Medicina as vantaxes de implantar un sistema de xestión da calidade nun centro termal.

Figueirido destaca a relevancia de que os balnearios estean certificados pola “Q” de Calidade Turística, a distinción que avala a calidade no sector turístico español. Outórgaa o Instituto para a Calidade Turística Española e apórtalle aos establecementos que a ostentan prestixio e fiabilidade. É froito de estritas auditorías anuais, que certifican a prestación dun servizo con garantía de máxima seguridade e profesionalidade. A marca, que se renova cada tres anos, “proporciona unha vantaxe competitiva”, sinala **Figueirido**, quen asegura que “cun sistema de xestión de calidade conséguese un traballo máis organizado, posto que cómpre seguir unhas condutas mínimas e tratar de ir mellorándoas”.

“A finalidade é lograr a satisfacción dos usuarios, incrementar o número de clientes, conseguir a súa fidelización, mellorar todos os procesos de traballo e abrir novas oportunidades no mercado” -salienta **Figueirido**-. Indica que a marca supón unha motivación para os profesionais que traballan nos balnearios, ao tempo que se optimizan os recursos, coa consecuente diminución dos custos económicos.

Na comunidade galega posúen a “Q” de Calidade Turística sete balnearios integrados na Asociación de Balnearios de Galicia. Na provincia da Coruña o balneario de Carballo. Na provincia lucense os balnearios de Gutiriz e Lugo. En Ourense os de Arnoia, Laidas e Lobios. E en Pontevedra Termas de Cuntis.

Durante a xornada intervirá tamén **Dolores Fernández Marcos**, directora médico de Caldaria Termal. Abordará a hixiene nos balnearios, en particular as condicións que deben cumprirse de cara á mellor protección e aproveitamento posible das augas. E tratará as zonas que deben protexerse preto dos mananciais, xunto cos puntos críticos que deben someterse a coidados máis rigorosos nos balnearios.